

# Xunta e CIM Alto Minho comprométense a traballar na mellora das liñas de transporte transfronteirizas

As principais medidas serían a ampliación das liñas de autobuses comarcais e a coordinación de horarios e paradas

O AECT Rio

Minho vén de manter unha reunión con representantes dos gobernos galego e portugués dentro da convocatoria de encontros impulsada pola iniciativa europea

B-Solutions, que ten por obxectivo superar os atrancos legais e administrativos

que afectan á mobilidade entre os dous países, na que tamén estivo presente a

experta xurídica asignada pola Comisión Europea, María Gamayo.

No encontro

participaron o director Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, Ignacio

Maestro; o subdirector Xeral de Ordenación do Transporte, Antón García Río; representantes

da CIM Alto Minho e da Autoridade de Mobilidade e Transporte de Portugal así

como o subdirector de Acción Exterior e Cooperación Transfronteiriza, Xosé Lago

García e o coordinador de Cooperación do CCDR-N, Nuno Almeida.

O principal

acordo acadado na xuntanza foi o compromiso de traballar conxuntamente na extensión das liñas de transporte públicas procedentes de Vigo e Viana do

Castelo até concellos da fronteira como Valença e Vigo, respectivamente. Así

mesmo, tamén se viu a necesidade da coordinación de horarios e paradas entre os

concellos de Monçao e Salvaterra, Cerveira e Tomiño e Valença e Tui, de xeito

que unha liña que por exemplo chega a Monçao poida coordinarse cunha que saia dende Salvaterra.

O proxecto

Boosting Minho River Cross – Border Mobility, depende da convocatoria da

Comisión Europea B- Solutions, unha iniciativa destinada a solventar as

barreiras de carácter administrativo e legal que se verifican nas fronteiras en

áreas como o emprego, a saúde, o transporte, o plurilingüismo e/ou cooperación

institucional, e está orientada principalmente a entidades públicas. O AECT Rio

Minho foi unha das 20 entidades europeas que recibiu esta subvención que consta

dun orzamento de 25.000 €.

---

# Máis de dez encontros con axentes públicos e privados servirán para analizar os obstáculos legais en materia de mobilidade na fronteira do Ríu Miño

O estudo, promovido polo AECT Rio Minho a través da iniciativa da Comisión Europea "[B-Solutions](#)", contará coa presenza da experta nesta materia, María Gamayo.

O AECT Rio

Minho ten programado dende hoxe e ata o vindeiro venres máis dunha decena de

visitas e encontros con axentes públicos e privados do territorio

transfronteirizo para analizar os principais atrancos legais da mobilidade na

fronteira galego portuguesa. As reunións contarán coa presenza da experta

xurídica da Comisión Europea nesta materia, María Gamayo, quen unha vez

rematadas as xuntanzas elaborará un informe para entregar á institución Europea

no que se recolla os obstáculos legais identificados, como pode ser o traslado

de menores entre unha e outra beira do río Miño.

Entre as

entidades que participan no programa de visitas están os concellos e cámaras municipais de Tui, Salvaterra, Tomiño, Monção, Valença e Vila Nova de Cerveira; a Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia; o CCDR-N; o Instituto da Mobilidade e dos Transportes Terrestres de Portugal, e operadores de transportes e confederacións de empresas de ambas marxes do río.

Este estudo enmárcase dentro da iniciativa B- Solutions Boosting Minho River Cross – Border Mobility, proxecto para o que o AECT Rio Minho vén de recibir unha subvencións de 25.000 €. B-Solutions é unha convocatoria para o financiamento de 20 micro proxectos piloto destinados a solventar as barreiras de carácter administrativo e legal que se verifican nas fronteiras en áreas como o emprego, a saúde, o transporte, o plurilingüismo e/ou cooperación institucional, e está orientada principalmente a entidades públicas, como é o caso do AECT Rio Minho.

---

# Unha experta xurídica analizará en setembro os obstáculos legais para a mobilidade na fronteira do río Miño

O estudo, promovido polo AECT Rio Minho a través da iniciativa da Comisión Europea “B-Solutions”, realizarase do 9 ao 13

Unha experta xurídica da Comisión Europea analizará *in situ* do 9 ao 13 de setembro os obstáculos legais para a mobilidade transfronteiriza no territorio do río Miño, dentro da iniciativa [B-Solutions Boosting Minho river Cross-Border Mobility](#), un dos proxectos para os que o AECT Rio Minho vén de recibir financiamento, segundo informou o director do agrupamento europeo, Uxío Benítez.

Este proxecto, promovido pola Comisión Europea e pola Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa, ten como obxectivo **analizar os obstáculos legais para a mobilidade na fronteira do río**, análise que realizará unha experta xurídica coñecedora da área –estará no territorio en setembro–, que axudará na estruturación, definición e identificación de obstáculos para a mobilidade no territorio e na preparación dunha proposta de solucións para presentar ás distintas administracións públicas galegas, portuguesas e europeas que supervisan o sector do transporte.

Esta experta xurídica manterá un programa de reunións e visitas no territorio que lle permitirán recoller a información necesaria para o estudo, así como a elaboración dunha proposta de solucións para entregar á Comisión Europea.

## **REDE LAB MINHO**

O AECT Rio Minho recibiu tamén a aprobación do proxecto Rede Lab Minho. O proxecto, que se manterá ata decembro de 2021, prevé a creación e promoción dunha rede de cooperación e observación de dinámicas transfronteirizas locais, o **apoio ás experiencias de cooperación local entre as distintas eurociudades do Miño** (Tui- Valença, [Cerveira-Tomiño](#) e Salvaterra-Monção), así como outras vilas fronteirizas como A Guarda-Caminha e Arbo-Crecente-Melgaço que, aínda que non se constitúen como eurociudades, manteñen relacións de cooperación dentro dos proxectos Smart Minho e Visit Rio Minho.

Rede Lab Minho conta cun investimento de 345 mil euros cofinanciados ao 75% con Fondos FEDER, dentro da segunda convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) INTERREG V-A, e ten como obxectivo específico a creación dunha rede de gobernanza transfronteiriza coa que se poderán xerar políticas públicas de benestar da cidadanía; a capacitación, información e sensibilización das estruturas locais de cooperación transfronteiriza (bilaterais) para dar pulo a un maior grao de cooperación territorial; aproximar institucionalmente os modelos de gobernanza dos bens públicos á cidadanía, coa realización conxunta de actividades e iniciativas. Axudará tamén á consolidación do AECT Rio Minho e á súa capacidade para cumprir os seus obxectivos de crear esas novas sinerxías transfronteirizas entre os diferentes concellos.

## AECT RIO MINHO

Coa aprobación destes dous proxectos, o [AECT](#) logra novos mecanismos de promoción e pulo da cooperación transfronteiriza no territorio.

Estes dous proxectos súmanse aos outros dous nos que xa participa o AECT Rio Minho (Visit Rio Minho e Smart Minho), que teñen como obxectivo principal a cooperación transfronteiriza, grazas ao desenvolvemento de sinerxías económicas, culturais e sociais en 26 municipios, tanto galegos como portugueses, ás dúas beiras do Miño.

---

# **O AECT Río Miño visita o municipio portugués de Águeda para coñecer o seu sistema de aluguer de bicicletas eléctricas**

**O agrupamento europeo valora implementar un equipamento similar no territorio do Río Miño Transfronteirizo que fomente a**

# **movilidade alternativa**

O secretariado técnico do AECT Rio Minho desprazouse ata o municipio portugués de Águeda para coñecer sobre o terreo o proxecto de mobilidade sustentable desenvolto pola cámara lusa, unha das pioneiras na instalación dun sistema de aluguer de [bicicletas eléctricas](#). Con esta visita, e a anterior realizada a Puebla de Sanabria (Zamora) o pasado mes de maio, o equipo do AECT Rio Miño está a estudar a xestión e o impacto deste tipo de iniciativas, con vistas á súa implementación no territorio do Río Miño Transfronteirizo, a través do proxecto Smart Minho.

Precisamente, unha das accións recollidas dentro do proxecto de cooperación institucional, Smart Minho (cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), do que son socios a Deputación de Pontevedra, o CIM Alto Minho, o AECT Rio Minho e a Fundación CEER, é a posta en marcha de experiencias de mobilidade suave entre ambas as beiras do río, de cara a incrementar a mobilidade local transfronteiriza, especialmente a alternativa.

## **Plan de Mobilidade Sustentable Transfronteirizo**

Por outra banda, tamén a través de Smart Minho, estase a traballar nun [Plan de Mobilidade Sustentable para o Río Miño Transfronteirizo](#) que favoreza os desprazamentos de persoas e vehículos na fronteira galega portuguesa, prestando especial atención aos fluxos entre os polos urbanos das eurocidades, nos que se concentran máis de 100.000 habitantes. Durante estes meses púxose en marcha unha enquisa de participación cidadá e celebráronse varios encontros con axentes sociais. En



setembro, o AECT manterá ademais sesións de traballo con alcaldías e sectores da mobilidade coa participación de expertos e expertas europeos neste asunto.

Así mesmo, o AECT Rio Minho, está a desenvolver o proxecto [Boosting Minho River Cross-Border Mobility](#), financiado pola iniciativa europea B-Solutions, para a análise dos problemas de índole legal e administrativa que afectan á mobilidade transfronteiriza no ámbito do Río Miño.

---

## **O AECT Rio Minho estudará os problemas de mobilidade transfronteiriza grazas á aprobación dun novo proxecto europeo**

O financiamento chega a través da iniciativa B-Solutions de proxectos piloto nas fronteiras da UE.

O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Rio Minho ([AECT Rio Minho](#)) recibiu a aprobación dun novo proxecto no marco da iniciativa [B-Solutions](#), promovida pola Asociación das Rexións Fronteirizas Europeas (AEFR) baixo a supervisión da DG Regio.

B-Solutions é unha convocatoria para o financiamento de 20 micro proxectos piloto destinados a solventar as barreiras de carácter administrativo e legal que se verifican nas fronteiras en áreas como o emprego, a saúde, o transporte, o plurilingüismo e/ou cooperación institucional, e está orientada principalmente a entidades públicas, como é o caso do AECT Rio Minho.

O proxecto promovido polo AECT Rio Minho, *Boosting Minho River Cross-Border Mobility*, ten por obxectivo o estudo dos problemas de mobilidade transfronteiriza no ámbito do Río Miño, para o que recibiu un financiamento de 25.000 € destinados a asesoramento.

Con este financiamento, o AECT Rio Minho poderá dispor dun experto xurídico con coñecemento en instancias transfronteirizas que colabore na estruturación, definición e identificación dos obstáculos para a mobilidade transfronteiriza no territorio do Río Miño, así como na elaboración dunha proposta de solucións para propoñer ás diferentes Administracións e un marco legal desde o que proceder para acometelas. O período de execución do proxecto é de 4 meses.

Segundo explicou o director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez, “a virtualidade e importancia da aprobación desta candidatura non é tanto o seu monto económico senón o reducido número de propostas que se admiten dando visibilidade ao AECT en Bruxelas”, diante dos órganos comunitarios e permitíndolle “participar en foros internacionais de debate e construíndo relacións institucionais que abren portas cara a outras subvencións”.

## **Smart Minho e Visit Rio Minho**

Desde novembro, o AECT Río Miño é socio do proxecto denominado “Estratexia de Cooperación Intelixente do Rio Minho

Transfronteirizo”, Smart Minho; desde o que se impulsou a elaboración da “[Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030](#)” e que tamén inclúe a posta en marcha de diferentes plans piloto de mobilidade e cultura, xestionados conxuntamente entre España e Portugal.

Por outro lado, un dos obxectivos do AECT Rio Minho é promover o Río Miño Transfronteirizo como un destino ecoturístico de excelencia, a través da posta en valor do seu patrimonio natural e cultural e a creación dunha marca de identidade, Rio Minho, para que permita dar a coñecer, tanto o territorio como os seus produtos. Estas liñas de actuación están recollidas dentro do proxecto Visit Río Minho, que entre outras actividades tamén contempla a creación dunha rede de sendeiros transfronteirizos, un grande atractivo para aqueles turistas que busquen destinos de natureza, calidade e non masificados.

Visit Rio Minho e Smart Minho son proxectos cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa Interreg VA España- Portugal (POCTEP) 2014 -2020”, neste caso aprobados na primeira candidatura.

---

## **Éxito de resposta do proceso de participación cidadá para o deseño do Plan de Mobilidade Sustentable do Río Miño Transfronteirizo (PMST)**

A fase de participación cidadá para o deseño do Plan de Mobilidade Sustentable do Río Miño Transfronteirizo (PMST)

rematou cun grande éxito de resposta: recolléronse un total de 507 enquisas no territorio galego e portugués, unha cifra que supera as expectativas definidas no plan de traballo inicial.

Así se puxo de manifesto na última reunión do equipo de traballo do PMST, unha das principais accións do proxecto de cooperación transfronteiriza Smart Minho.

A participación cidadá xoga un papel destacado no deseño do plan e levouse a cabo mediante a realización de enquisas, tanto a pé de rúa como online, a través da web de Smart Minho, así como a través da organización de varios obradoiros nos que o tecido asociativo e económico do territorio puido achegar tanto ideas como as problemáticas ás que se enfrontan no día a día en materia de mobilidade.

O proceso de participación cidadá tivo lugar entre o 12 de febreiro e o 9 de marzo deste ano e concluíu coa realización dun total de 316 enquisas presenciais e 191 cuestionarios online. Cabe destacar que no plan de traballo inicial se contemplara a realización de 200 enquisas presenciais, cifra que se superou en moito.

O plan estudará especialmente a mellora dos desprazamentos entre os tres pares de núcleos que compoñen as eurociudades de Tomiño-Cerveira, Tui-Valença e Salvaterra-Monçao, que aglutinan a terceira parte do total de poboación do territorio.

Rematado o proceso de participación cidadá, o seguinte paso para o deseño do PMST é a identificación de problemas e retos de mobilidade no territorio transfronteirizo. Na última fase desta acción presentaranse as liñas de actuación, medidas e propostas a desenvolver no territorio.

## **Plan de Mobilidade**

O PMST busca planificar un modelo de mobilidade e accesibilidade, entre as eurociudades do Minho, orientado á

mellora da calidade de vida das persoas, a seguridade vial e respectuoso co medio ambiente. Para tal finalidade, é imprescindible contar coa participación de todas as institucións e axentes implicados no territorio para poder compartir opinións e suxestións sobre mobilidade neste espazo compartido.

O estudo abrangue máis de 3.300 km<sup>2</sup> de territorio, inclúe a 26 municipios galegos e portugueses, e a unha poboación de ao redor de 376.000. Unha vez recompilada e analizada toda a información obtida a través das enquisas e obradoiros, poderanse extraer as primeiras conclusións e establecer unha visión global do conxunto da mobilidade na área do río Miño transfronteirizo, cunha proposta de accións piloto lista para desenvolver no inmediato.

O plan de mobilidade sustentable do río Miño transfronteirizo enmárcase dentro do proxecto Smart Minho a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V-A) e está cofinanciado ao 75 % por fondos FEDER, cun orzamento total de 942.022,47 euros.

---

**Valena acolle un novo  
obradoiro de participación  
cidad para o deseño do Plan  
de Mobilidade**

# Transfronteiriza

A convocatoria está dirixida a todas as persoas e colectivos interesados da contorna, especialmente asociacións de veciñanza, ecoloxismo, comercio, consumo, centros educativos e mobilidade reducida

**Así mesmo, ponse a disposición unha enquisa online**

Valença acollerá este xoves un novo obradoiro de participación cidadá para o deseño do Plan de mobilidade sustentable do río Miño Transfronteirizo, financiado polo proxecto europeo Smart Miño, que lidera a Deputación de Pontevedra. Durante a celebración do encontro, os colectivos e persoas participantes poderán achegar as súas propostas así como expor as problemáticas actuais en materia de mobilidade ás que se debe facer fronte no territorio.

O obradoiro terá unha duración aproximada de unha hora e media e celebrarase na sede da AECT Río Miño, sita na Avenida Miguel Dantas, 69, en Valença, ás 15:30 horas (horario portugués).

Este segundo obradoiro, despois do realizado en As Neves a pasada semana e no que participaron preto de 20 colectivos, está dirixido á veciñanza e entidades do Baixo Miño, Porriño, Salceda de Caselas, Caminha, Vila Nova de Cerveira, Valença, Viana do Castelo, Paredes de Coura e Ponte de Lima.

Esta cita coa cidadanía está especialmente pensada para a participación de asociacións de veciñanza, ecoloxismo, comercio, consumo, centros educativos, diversidade funcional e colectivos con mobilidade reducida, así como todos aqueles axentes do tecido económico e social afectados pola mobilidade no territorio.

Aquelas persoas que non poidan asistir ao obradoiro poderán

participar cubrindo de xeito sinxelo unha enquisa online [premando aquí](#).

## **Plan de Mobilidade**

O PMST é unha das principais accións do proxecto de cooperación transfronteiriza Smart Minho, que busca planificar un modelo de mobilidade e accesibilidade, entre as eurociudades do Minho, orientado á mellora da calidade de vida das persoas, a seguridade vial e respectuoso co medio ambiente. Para tal finalidade, é imprescindible contar coa participación de todas as institucións e axentes implicados no territorio para poder compartir opinións e suxestións sobre mobilidade neste espazo compartido.

O estudo abrangue máis de 3.300 km<sup>2</sup> de territorio, inclúe a 26 municipios galegos e portugueses, e a unha poboación de ao redor de 376.000. Unha vez recompilada e analizada toda a información obtida a través das enquisas e obradoiros, poderanse extraer as primeiras conclusións e establecer unha visión global do conxunto da mobilidade na área do río Miño transfronteirizo, cunha proposta de accións piloto lista para desenvolver no inmediato.

O plan de mobilidade sustentable do río Miño transfronteirizo enmárcase dentro do proxecto Smart Minho a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V-A) e está cofinanciado ao 75 % por fondos FEDER, cun orzamento total de 942.022,47 euros.

---

# **A Deputación celebra en As**

# Neves un obradoiro de participación cidadá para a elaboración do Plan de Mobilidade Transfronteiriza

A convocatoria está dirixida a todas as persoas e colectivos interesados da contorna, especialmente asociacións de veciñanza, ecoloxismo, comercio, consumo, centros educativos e mobilidade reducida

Así mesmo, ponse a disposición unha [enquisa online](#)

O plan de mobilidade sustentable do río Miño Transfronteirizo, unha das principais accións do proxecto europeo Smart Minho, liderado pola Deputación de Pontevedra, organiza este **xoves 21 de febreiro en As Neves un obradoiro de participación cidadá, dirixido a persoas e colectivos interesados da zona interior da fronteira**, no que se recollerán propostas e suxestións e analizarán as problemáticas relacionadas coa mobilidade na zona transfronteiriza.



O obradoiro, que terá unha duración aproximada de unha hora e media, celebrarase na **Casa da Xuventude de As Neves, situada na rúa Entrecines 10, ás 19:30 horas**. A convocatoria está



dirixida a colectivos, entidades e persoas interesadas dos municipios galegos e portugueses da contorna, especialmente ás asociacións de veciñanza, ecoloxismo, comercio, consumo, centros educativos, diversidade funcional e colectivos con mobilidade reducida.

As persoas interesadas que non poidan asistir ao obradoiro poderán participar igualmente cubrindo de xeito sinxelo unha enquisa online no enderezo web: [www.plandemobilidade.com/minho](http://www.plandemobilidade.com/minho).

Neste primeiro encontro analizarase a mobilidade nos municipios de A Cañiza, Arbo, Arcos de Valdevez, As Neves, Crecente, Covelo, Melgaço, Monçao, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas, Salvaterra e Ponte da Barca. O vindeiro 28 de febreiro en Valença, celebrarase un segundo obradoiro dirixido aos restantes municipios que conforman o territorio transfronteirizo.

## **Modelo de mobilidade e accesibilidade**

O PMST é unha das principais accións do proxecto de cooperación transfronteiriza Smart Minho, que busca planificar un modelo de mobilidade e accesibilidade, entre as eurociudades do Minho, orientado á mellora da calidade de vida das persoas, a seguridade vial e respectuoso co medio ambiente. Para tal finalidade, é imprescindible contar coa participación de todas as institucións e axentes implicados no territorio para poder compartir opinións e suxestións sobre mobilidade neste espazo compartido.

O estudo abrangue máis de 3.300 km<sup>2</sup> de territorio, inclúe a 26 municipios galegos e portugueses, e a unha poboación de ao redor de 376.000. Unha vez recompilada e analizada toda a información obtida a través das enquisas e obradoiros, poderanse extraer as primeiras conclusións e establecer unha visión global do conxunto da mobilidade na área do río Miño transfronteirizo, cunha proposta de accións piloto lista para desenvolver no inmediato.

O plan de mobilidade sustentable do río Miño transfronteirizo enmárcase dentro do proxecto Smart Minho a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V-A) e está cofinanciado ao 75 % por fondos FEDER, cun orzamento total de 942.022,47 euros.

---

# O Río Miño transfronteirizo contará cun Plan de Mobilidade Sustentable centrado nos desprazamentos entre as eurocidades

□ Pulsa para escoitar

A AECT Río Miño destacou que esta é a fronteira máis transitada da península ibérica e un dos primeiros plans “transfronteirizos” do mundo

O estudo abranguerá 26 municipios e máis de 3.300 km<sup>2</sup>

O territorio do Río Miño Transfronteirizo contará cun [plan de mobilidade sustentable](#) que favoreza os desprazamentos de persoas e vehículos na fronteira galego portuguesa, prestando especial atención aos fluxos entre os polos urbanos das eurocidades, nos que se concentran máis de 100.000 habitantes. Así o anunciou hoxe o deputado de Cooperación Transfronteiriza

e director da AECT Río Miño, Uxío Benítez, nun acto no que estivo acompañado polos alcaldes da eurocidade Tui – Valença, Carlos Vázquez Padín e Jorge Salgueiro Mendes, e o presidente da cámara municipal de Vila Nova de Cerveira e vice director da AECT Río Miño, João Fernando Brito Nogueira.

Segundo explicou o director da AECT Río Miño “este plan supón unha necesaria visión global da mobilidade”, coa característica especial de “ser un plan tranfronteirizo, un dos poucos deste tipo que existen no mundo”. Benítez lembrou que xa se están redactando plans de mobilidade a nivel galego, comarcal e nos concellos, pero “parece que do outro lado do río Miño non hai nada, a pesar de que estamos a falar da fronteira ibérica máis transitada”. Neste senso o director da AECT Río Miño destacou que “nós queremos rachar por completo con ese concepto de fronteira, e queremos realizar un diagnóstico que nos dea unha visión máis acertada desta área xeográfica, que é un territorio común.”

## **Punto de partida**

O Plan de Mobilidade Sustentable do Río Miño Transfronteirizo (PMST) é unha das principais accións do proxecto Smart Minho - enfocado na planificación conxunta e intelixente do espazo tranfronteirizo e cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional- .

O PMST terá como punto de partida dous documentos previos: a ‘Estratexia do Río Miño Transfronteirizo 2030’ e o ‘Plano de Transporte Público do Vale do Río Miño Transfronteirizo’, un detallado traballo elaborado por UNIMINHO en 2012.

“A participación cidadá xogará un papel importante no deseño deste plan” que se levará a cabo mediante a realización de enquisas, tanto a pé de rúa como a través da páxina web de Smart Minho, e a organización de varios obradoiros, en territorio galego e portugués, nos que “o tecido asociativo e económico do territorio poderá achegar tanto ideas como as problemáticas ás que se enfrontan no seu día a día en materia

de mobilidade”.

## **Especial énfase nas eurocidades**

O plan estudará especialmente a mellora dos desprazamentos entre os tres pares de núcleos urbanos que compoñen as eurocidades de Tomiño – Cerveira, Tui – Valença e Salvaterra – Monçao, que aglutinan un tercio do total da poboación do territorio. Nesta liña se manifestaron os representantes das alcaldías e cámaras municipais presentes, agradecendo os esforzos realizados pola Deputación de Pontevedra na área transfronteiriza para fomentar o traballo en común do territorio galego portugués.

O estudo abrangue máis de 3.300 km<sup>2</sup> de territorio, inclúe a 26 municipios galegos e portugueses, e a unha poboación de ao redor de 376.000. Unha vez recompilada e analizada toda a información obtida a través das enquisas e obradoiros, poderanse extraer as primeiras conclusións e establecer unha visión global do conxunto da mobilidade na área do río Miño transfronteirizo, cunha proposta de accións piloto lista para desenvolver no inmediato, segundo informou o deputado.